



INFORME ECONOMICO PARA CONTRATACIÓN DE DOUS CURSOS DE FORMACIÓN NO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO: DE BOMBEIROS DE NOVA INCORPORACIÓN E DE PROMOCIÓN A SARXENTO.

OBXECTO DO CONTRATO.

O Concello de Santiago de Compostela ofertou, nas correspondentes OEP, as seguintes prazas: 7 prazas de novo ingreso de bombeiro condutor do SIES e 5 prazas de sarxento por promoción interna. As propias bases dos procedementos recollen a necesidade de realizar nos cursos de formación.

No referente ás fases do proceso selectivo de ditas convocatorias, a participación no curso selectivo de formación e prácticas rexeranse polo establecido no prego técnico correspondente.

Esta actividade formativa está dirixida a que os futuros bombeiros condutores e sarxentos obteñan os coñecementos básicos e necesarios para o desempeño das funcións propias do corpo ao que van pertencer; fomentando a vocación de Servizo Público por medio de ensinamentos humanísticos, xurídicos e teórico-prácticos para o desempeño das súas funcións.

O curso impártese integramente nas instalacións que proporcione o propio servizo (cliente).

Destacando o carácter selectivo do curso de formación, do que se desprende a necesidade de superalo para poder ingresar, como funcionario de carreira, no corpo de bombeiros do concello de Santiago de Compostela. O presente curso ten como base xeral para a súa programación e desenvolvemento o RD 624/2013, do 2 de agosto, que establece o Certificado de profesionalidade dos servizos de extinción de incendios e salvamento (SEAD0111)

RECURSOS UTILIZADOS

Para a exposición teórica utilizarase a aulas, vehículos, pantalla, así como diferente material audiovisual.

Para a parte práctica dispoñeráse das instalacións propostas polo cliente, así como do equipamento e simuladores que poida fornecer o cliente para o desenvolvemento dos exercicios prácticos.

Os equipos e materiais para o desenvolvemento do curso son achegados polo propio servizo, son o fin de que coñezan e adáptense aos equipos e materiais habituais no seu servizo.

Os alumnos deberán participar no curso co seu equipo competo de intervención.

Profesorado: O Considerase un ratio mínimo de 1 instrutor por cada 7 alumnos, tanto na parte teórica como parte práctica; permitindo unha alta dedicación e participación activa por parte dos alumnos ao contar cun número elevado de profesores por alumno.

METODOLOXÍA

Para esta acción expónse un programa principalmente teórico-práctico e participativo realizando unha posta en común dos casos expostos, durante o desenvolvemento dos contidos do curso, atopado os alumnos participantes un paralelismo entre os conceptos expostos en aula e practicados en zona de practica por eles.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Levarase a cabo unha avaliación pormenorizada de cada un dos alumnos en todas as fases formativas, por medio de observación e toma de datos de forma continuada durante todo o curso e de forma específica mediante test escritos á finalización de cada modulo e un exame xeral á finalización do mesmo.



A. CONTIDOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS PARA OS ASPIRANTES A BOMBEIRO DE NOVA INCORPORACIÓN

Loita contra Incendios Urbanos e Industriais	40 horas
Introdución á asistencia Sanitaria	12 horas
Rescate en Accidentes de tráfico	40 horas
Rescate en Altura en escenario Urbano e Industrial	40 horas
Apeos e apontoamentos	32 horas
Comunicacións	8 horas
Lexislación en SEIS, Servizos de Protección Civil e Seguridade Cidadá	28 horas
A PRL en Servizos de Extinción de Incendios e Salvamento	32 horas
Intervención en Emerxencias con substancias perigosas	40 horas
Lexislación, seguridade e normativa en conducción de vehículos prioritarios	8 horas
Intervencións en presenza de enerxía eléctrica	20 horas
Prácticas en Centro de Formación Estable	80 horas

Custo do curso cunha duración aproximada de 380 horas presenciais repartidas en 45 xornadas (aprox) 22.647,06 € (aprox. 59 €/h)

B. CONTIDOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS PARA OS ASPIRANTES ÁS PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA DE SARXENTO

Módulo 1: Mando e Control (supervisión , organización e mando)	51 horas
MÓDULO 2 Comunicación e Información (Dirección de equipos, Motivación e Resolución de conflitos)	51 h
MÓDULO 3. Planificación e Organización (Coordinación e Xestión de recursos operativos)	51 h
Módulo 4. Curso Teórico Practico de Xestión Operativa e Mando	38 h.

Custo do curso cunha duración aproximada de 191 horas presenciais repartidas en 29 xornadas (aprox) 16.008,40 € (aprox. 83,81 €/h)

No apartado de loxística, non se consideran gastos; será o Servizo o que facilite materiais e instalacións

Considéranse un gastos xerais do 13 % e un beneficio industrial dun 6%

CURSOS	GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL	TIPO DE IVE APLICABLE	ORZAMENTO TOTAL DOS DOUS CURSOS
BOMBEIRO DE NOVA INCORPORACIÓN	4.302,94 €	Está exento por ser formación, Segundo o artigo 20.1.9 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.	46.000 €
PROMOCIÓN INTERNA DE SARXENTO	3.041.60 €		

TIPO IVE APLICABLE: NON SE APLICA

ORZAMENTO TOTAL DE LICITACIÓN: 46.000 €

Santiago de Compostela, 23 de agosto 2019

Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios



Manuel Sanmartín Chao